

NOTA DE PRENSA

Profesionais da psicoloxía galega afondan en innovadoras ferramentas psicoterapéuticas

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2017 - Mañá sábado 21 de outubro, unha trintena de psicólogos e psicólogas achegaranse a unha innovadora ferramenta psicoterapéutica coñecida como a caixa de area. O curso está organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vai desenvolverse no Complexo Hospitalario de Ourense ao longo de todo o día.

A caixa de area é unha técnica de avaliación e intervención de formato non verbal que naceu para traballar con nenos e nenas e que progresivamente se foi incorporando como un recurso de traballo con adolescentes e poboación adulta. Na actividade terán ocasión de coñecer tanto os materiais de traballo como as pautas para o seu uso na sesión e a súa análise.

Raquel E. San José, psicóloga clínica no Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra, cunha notable experiencia no traballo psicoterapéutico con nenos, nenas e adolescentes será a encargada de impartir o curso. A metodoloxía será eminentemente práctica con traballo arredor de procedementos terapéuticos reais nos que se empregou a caixa de area.

Esta ferramenta de gran potencial terapéutico espertou un elevado interese por parte do colectivo profesional, polo que a Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG proporá a súa reedición no vindeiro ano, diante do elevado número de psicólogos e psicólogas que non poden asistir ao ter superado a demanda con creces ás prazas dispoñibles.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal